



EDA

EXPERIMENTACIÓN CON DESCARTES NA AULA

SEGUNDA PRÁCTICA: INFORMACIÓN

DISPONIBILIDAD DA AULA

Estou a espera de que me asignen unha das dúas aulas informáticas e os días que estará a miña disposición

CARACTERÍSTICAS DOS ORDENADORES

Os ordenadores últimos son equipos AMD Athlon, teñen menos dun ano e están na aula de Informática II, teñen a seguinte configuración:

- Microprocesador Core procesador 5600+ a 2.81 GHz
- 1.93 GB de memoria RAM.
- 74,5 GB de disco duro.
- Unidades DVD, CF/MD, etc.
- Tarxeta gráfica, de son e de rede incluídas na placa base.
- 4 portos USB, dous dos cales frontais.
- Monitor de 17 polgadas con dous portos USB
- Ratón e teclado.

Tódolos ordenadores teñen sistema operativo XP.

Os ordenadores da aula de Informática I é unha mestura dos equipos anteriores con outros, equipos que teñen microprocesadores Pentium 4 a 2.81 GHz, 512 de RAM, e teñen todos máis de dous anos, algún deles incluso 4. todos co sistema XP e en principio gozan de boa saúde

AGRUPAMENTO DOS ALUMNOS NA AULA

Espero ter aproximadamente 19 alumnos e ir a aula Informática-I. De non ser así faría o experimento cos alumnos de Bacharelato Internacional que son 10, co cal quedaría un ordenador por alumno

DISTRIBUCIÓN DOS EQUIPOS

A distribución da aula é fixa e non se pode modificar debido o cableado existente. É a seguinte:

Aula de Informática I

- A aula é rectangular con 7 ordenadores no lado maior, 6 no lado paralelo e 4 no lado pequeno; No centro un conxunto de 8 mesas
- A orientación dos alumnos é sentados de cara a parede, así que para vela pizarra ou a pantalla de proxección ou o profesor teñen que xirar uns 90º a dereita, outros 180º e os últimos 90º a esquerda
- A mesa do profesor está no lado do rectángulo que falta, co ordenador correspondente, a pantalla para o cañón e a pizarra.
- Esta distribución permite o profesor atender rapidamente calquera dúbida e velos monitores dos alumnos

Aula de informática II

ten aproximadamente a mesma distribución pero so con 13 ordenadores

CONECTIVIDADE Á REDE INTERNET

Tódolos ordenadores se atopan en rede e teñen conexión a Internet mediante un acceso compartido de banda ancha. A velocidade para navegar por Internet é bastante aceptable, así que espero que o acceso ós materiais de Descartes aloxados na web do ISFTIC non de problemas.

Se por algún motivo fallase a conectividade a Internet, os materiais que vou a utilizar atoparanse na carpeta persoal do alumno para que poida acceder localmente

OUTROS MEDIOS DIDÁCTICOS

Entre os medios dispoñibles no centro, atopo a posibilidade de utilizar un ordenador portátil, un cañón de proxección, pantalla para o cañón e a pizarra

Autor: Manuel Fidalgo Rodríguez